


AS MEDIDAS DE SEGURIDADE

ACCIÓNS PREVENTIVAS



ACCIÓNS PREVENTIVAS

- No novo **Código Penal**, ademais dos criterios para determinar a **inimputabilidade**, regúlanse as accións legais que se poidan adoptar unha vez ditada unha sentenza firme. É obvio que se un/unha acusado/a é **declarado/a non imputable** en razón dunha enfermidade mental, é necesario suscitarse a **adopción de accións preventivas** co fin de evitar que se cometan novos actos delitivos. Para este fin existen as **medidas de seguridade**

ACCIÓNs PREVENTIVAS

- No noso país existiron **medidas de seguridade de carácter pre-delictual**, nas que se consideraba que se debían adoptar medidas antes de que se cometese un delito. Un exemplo disto foron a **Lei de Vagos e Maleantes**, que foi substituída pola **Lei de Perigosidade e Rehabilitación Social**, que estivo en vigor ata a promulgación da Constitución de 1978.

ACCIÓNS PREVENTIVAS

- Na filosofía que había detrás destas leis quedaba como un valor primordial o **mantemento da orde social**, que podería ser posto en perigo por enfermos/as mentais, vagabundos/as, marxinados/as sociais, etc. Desde 1978 leis destas características son claramente **inconstitucionais**, xa que **vulneran o dereito á liberdade**, entre outros dereitos fundamentais.

ACCIÓNS PREVENTIVAS

- **Principio de legalidade:** toda medida de seguridade adoptada o será en virtude dunha **sentenza firme**. Con isto preténdese que sobre elas exista un **estrito control xudicial**.
- **Principio de perigosidade criminal do suxeito:** o artigo 6.1 sinala "As **medidas de seguridade** fundaméntanse na **perigosidade criminal do suxeito** ao que se impoñan, exteriorizada na comisión dun feito previsto como delito.

ACCIÓNS PREVENTIVAS

- **Principio de proporcionalidade:**
segundo o artigo 6.2 "As medidas de seguridade non poden resultar nin máis gravosas nin de maior duración que a pena abstractamente aplicable ao feito cometido, nin exceder o límite do necesario para previr a perigosidade do/a autor/a".

ACCIONES PREVENTIVAS

- A aplicación do **principio de proporcionalidade** supuxo un **cambio** importante respecto da situación anterior. De acordo co Código Penal previo, as **medidas de seguridade mantíñanse ata que o tribunal sentenciador consideráaseo oportuno**. No caso dos/as enfermos mentais, estes podían ser mantidos/as nas institucións psiquiátricas o tempo que fose necesario en virtude das súas necesidades de tratamento, e a perigosidade.

ACCIÓNS PREVENTIVAS

- Co Código Penal de 1995 púxose un límite a esta situación. A duración da medida de seguridade non pode ser maior que a condena de privación de liberdade que lle foi imposta de ser declarado/a imputable.
- No momento actual suscítase o problema de que existen enfermos/as mentais que se atopan en institucións psiquiátricas en virtude dunha medida de seguridade, e que deben ser dados de alta prematuramente en cumprimento da lei, aínda que se considere de alta perigosidade criminal.

ACCIÓNS PREVENTIVAS

- En casos extremos o psiquiatra responsable do/a paciente, deberá valorar a **posibilidade de prolongar o internamento**, pero esta vez cun carácter civil, coas regulacións propias do **Código Civil**.

ACCIÓNES PREVENTIVAS

- Existen distintos tipos de medidas de seguridad:

Medidas privativas de libertad: neste apartado inclúense o internamento

- nun centro psiquiátrico,
- nun centro de deshabitación e
- nun centro educativo especial.

ACCIÓNs PREVENTIVAS

- **Medidas non privativas de liberdade:** entre as que destacamos:
- a submisión a **tratamento** en centros médicos ou establecementos de carácter socio-sanitario;
- **prohibición** de acudir a **determinados lugares** ou visitar establecementos de bebidas alcohólicas;
- a **privación** do dereito á **condución de vehículos** de motor e ciclomotores;
- custodia familiar, quedando ao coidado do **sometemento a programas** de tipo formativo, cultural, educativo, profesional, de educación sexual, etc